


Sumario | nº28 – Xuño 2023

Coñece aos membros do Comité de Dirección da EDIUS



EDIUS NOVAS

Novo procedemento
en Xescampus para
a presentación de teses



OPINIÓN

Bos tempos para a tese



EDIUS NOVAS

Investigación e empregabilidade
reafirman a posición da USC no *Center
for World University Rankings*



EDIUS NOVAS

'Sprint de innovación':
estreitando os vínculos
co mundo das empresas



EDIUS NOVAS

Récord absoluto
de participantes
no X EMI



EDIUS NOVAS

A USC participa
por segundo ano
no concurso
de Twitter #FíoTese



3MT®

Once finalistas na Gran Final da segunda edición
do concurso *Teses en Tres Minutos* da USC



EDIUS NOVAS

A USC, entre as universidades
españolas con maior rendemento
en I+D, taxa de éxito académico
e transferencia



EDIUS NOVAS

O Consello Social apoiará
once proxectos que
favorezan a colaboración
entre as contornas
universitaria e social



EDIUS NOVAS

Unha mostra repasa
a evolución no eido
educativo da loita
contra a discriminación
de xénero



EDIUS NOVAS

Un equipo da USC deseñou unha
trintena de accións para mellorar
as capacidades xerenciais
e pedagóxicas do profesorado
en universidades asiáticas



EDIUS NOVAS

Novo procedemento en Xescampus para a presentación de teses

Desde o pasado 24 de abril todas as solicitudes para a presentación e defensa da tese serán iniciadas polas/os doutorandas/os a través da Secretaría Virtual do Alumnado (SVA).

Xa está en funcionamento a nova aplicación electrónica para a solicitude de depósito das teses de doutoramento dentro da aplicación Xescampus. Desde o pasado **24 de abril** todas as solicitudes para a presentación e defensa da tese serán iniciadas polas/os doutorandas/os a través da Secretaría Virtual do Alumnado (SVA). Polo tanto, xa non está habilitado o formulario que existía na Sede Electrónica para a realización deste trámite.

Segundo a Escola de Doutoramento da USC son varias as vantaxes desta nova maneira de proceder:

- O inicio da presentación da tese farase a través da Secretaría Virtual do Alumno (SVA). A solicitude quedará presentada no momento no que se lle dea a “Enviar ao perfil autorizado” e a data rexistrada terá que ser a **mesma ou anterior** á establecida como “data fin prevista” do expediente académico do/a doutorando/a.
- No inicio da presentación da solicitude, a persoa doutoranda contará cun amplo espazo para subir toda a documentación, a mesma que até agora, así como a **súa tese de doutoramento** en formato pdf que será a versión definitiva e seguirá o formato establecido pola USC. Esta forma de presentación supón outro gran avance ao desaparecer a necesidade de que a/o doutoranda/o teña que asinar a solicitude electronicamente, xa que a presentación será realizada a través da introdución das súas chaves institucionais (nome de usuario e contrasinal). Ademais, a persoa doutoranda recibirá avisos a través da súa SVA a medida que a súa tese vaia pasando polas diferentes etapas.
- O perfil autorizado dende a Secretaría Virtual do Profesorado (SVP) recibirá unha alerta sobre o inicio da presentación da tese de doutoramento, terá acceso á documentación e poderá realizar a autorización ou non da presentación da tese para, a continuación, seguir o trámite correspondente na propia SVP. Tamén poderá ver as solicitudes de defensa de todos os estudantes que dirixe e consultar as solicitudes pendentes de resolución.

O persoal administrativo de apoio dos programas de doutoramento recibirá un correo no buzón institucional do programa indicándolle o inicio deste trámite a través do novo módulo de tese e iniciará a xestión administrativa da solicitude, que como xa indicamos anteriormente, segue o mesmo procedemento realizado até agora. En Xescampus deberá supervisar e validar toda a documentación incorporada pola persoa doutoranda.

 [Ir ao sumario](#)

- Unha vez comprobada a documentación polo persoal de apoio, a persoa coordinadora do programa de doutoramento, quen tamén preside a CAPD, recibirá unha alerta indicando a presentación da tese e, posteriormente á xuntanza da CAPD, trasladará o acordo desta sobre a autorización ou non da presentación da tese a través da súa SVPDI; do mesmo xeito, o/a coordinador/a poderá ver as solicitudes de defensa de todos os estudantes do programa e consultar as solicitudes pendentes de resolución.
- A continuación, a EDIUS comunicará a través da aplicación á persoa doutoranda, directores/as, ao programa de doutoramento e aos membros do tribunal a autorización da defensa da tese e o nomeamento oficial destes últimos, que terán á súa disposición a tese de doutoramento subida previamente pola persoa doutoranda na súa SVA.
- A data e modalidade de defensa debe ser comunicada ao programa de doutoramento para a súa incorporación na aplicación e posterior publicidade cunha antelación mínima de 10 días.

**En Xescampus
deberá supervisar
e validar toda a
documentación
incorporada
pola persoa
doutoranda**



The screenshot shows the login interface for the 'Sistema de identificación centralizado'. It includes the USC logo, a language selector set to 'ES', and a title 'Sistema de identificación centralizado'. The login form contains fields for 'Nombre de identificación' and 'Contraseña', a checkbox for 'Avisar antes de abrir sesión en otras aplicaciones', and buttons for 'Identificarse' and 'Limpiar'. To the right of the form, there are three paragraphs of text explaining access restrictions and providing links for help. Below the form, there is a section titled 'Otros métodos de identificación' with two cards: 'Certificados electrónicos y DNIe' and 'Cl@ve', each with a brief description and an arrow icon.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ES

Sistema de identificación centralizado

Nombre de identificación

Contraseña

Avisar antes de abrir sesión en otras aplicaciones

Identificarse Limpia

El acceso a esta aplicación está restringida a los/as usuarios/as autorizados/as. Si usted está autorizado/a para utilizar la aplicación debe introducir sus credenciales.

Si usted está autorizado/a para acceder a esta aplicación pero no consigue identificarse, consulte a información [disponible sobre identificación en la USC](#) o póngase en contacto con el [Centro de Atención a Usuarios de la USC](#).

Si usted está suscrito al programa de comunicación de cualificaciones al móvil puede solicitar el envío al móvil de [su contraseña](#).

Otros métodos de identificación

Certificados electrónicos y DNIe

Para las personas usuarias que dispongan de certificados electrónicos en el navegador o en tarjetas como el DNIe.

Cl@ve

Identidad electrónica para administraciones públicas españolas. Permite la identificación mediante registro previo, cl@ve PIN, cl@ve permanente y certificado electrónico.

Coñece aos membros do Comité de Dirección da EDIUS

Xa se coñecen os nomes dos novos membros electos do Comité de Dirección da EDIUS despois das votacións que se realizaron o pasado 16 de maio. En total foron elixidas 33 persoas, 8 membros do persoal docente e investigador, 22 representantes do estudiantado e 1 do persoal de administración. Ademais destas 33 persoas, o Comité de Dirección da Escola de Doutoramento tamén está integrado polo director, subdirectores e secretaria, xunto con todos os coordinadores/as dos programas de doutoramento. Falamos con algúns dos membros elixidos para que contaran os seus propósitos para os vindeiros dous anos.

Coñece aos membros do Comité de Dirección da EDIUS



**Pablo Taboada
Antelo**

Director da EDIUS

**Dolores Vilavedra
Fernández**

Subdirectora de Artes
e Humanidades



**Eugenio Vázquez
Sentís**

Subdirector de Ciencias
e Enxenarías



**José Manuel
Cifuentes Mtnez.**

Subdirector de Ciencias
da Saúde



**José Miguel
Túñez López**

Subdirector de Ciencias
Sociais e Xurídicas



**Eva Rodil
Rodríguez**

Secretaría



Coñece aos membros do Comité de Dirección da EDIUS

Cal é o obxectivo nos vindeiros dous anos?

Persoal docente e investigador vinculado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS

MARÍA DEL CARMEN VILLARINO PARDO

Sección de Artes e Humanidades

Carmen Villarino Pardo é doutora en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela cunha tese sobre literatura brasileira titulada “Aproximación à obra de Nélida Piñon. A República dos Sonhos” que foi ademais Premio Extraordinario de Doutoramento. Na actualidade, é profesora do Programa de Doutoramento en Estudos da Literatura e da Cultura e forma parte do Grupo Galabra na Facultade de Filoloxía da USC.

Como profesora do PD em “Estudos da literatura e da cultura” valoro positivamente a oportunidade de continuar integrando o Comité de Dirección da EDIUS na área de Artes e Humanidades, porque a experiéncia destes dous anos permitiu-me conhecer de perto algunhas dinâmicas e procesos que, como membros do PDI de um programa e como diretores/as de teses, muitas vezes desconhecemos. Ao integrar este Comité e a sua comissão executiva, tomamos maior consciéncia do intenso trabalho que, com periodicidade, realizan as pessoas que fan parte -em diferentes funções- destas instancias e que se implicam para que a engrenagem do processo que envolve umha tese de doutoramento chegue a bom termo e com as máximas garantías de transparéncia e equidade entre áreas e programas.



MARÍA TERESA FANEGO LEMA

Sección de Artes e Humanidades

Cursou a súa licenciatura en Santiago de Compostela e estudos de posgrao na Universidade de Londres. En 1990 accedeu á cátedra de Filoloxía Inglesa e, desde setembro de 2018, é Catedrática Emérita. É autora de numerosas publicacións e conta con seis sexenios de investigación.

Coñece aos membros do Comité de Dirección da EDIUS

Cal é o obxectivo nos vindeiros dous anos?

Persoal docente e investigador vinculado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS

GERARDO PRIETO ESTÉVEZ

Sección de Ciencias e Enxeñarías

Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese “Interacción entre insulina e ligandos de estrutura anfipática un estudio termodinámico” (1993). É membro do Departamento de Física Aplicada así como do Grupo de Física de Coloides e Polímeros da USC.

Para os vindeiros dous anos temos varios e importantes obxectivos que teremos que tentar desenvolver. Poderíamos citalos de forma xenérica: asentar toda a metodoloxía de revisión de teses, en particular a referida nova modalidade de tese (tese industrial) que deben manter unha mínima calidade de acordo ás esixencias da USC; reforzar a entidade internacional da EDIUS, tratando de establecer novos convenios a maiores dos xa existentes; ademais, teremos que traballar na futura acreditación da EDIUS e tamén na adaptación dos estudos de doutoramento que se están comezando a elaborar actualmente.



MIGUEL VÁZQUEZ LÓPEZ

Sección de Ciencias e Enxeñarías

Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese “Síntese de helicatos metálicos con bases de Schiff polidentadas” (2001). Profesor do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS) e do Departamento de Química Inorgánica. É autor de máis de 50 traballos de investigación en revistas científicas internacionais, avaliador externo de numerosas revistas científicas internacionais, Investigador Principal en proxectos de investigación tanto galegos e españois como europeos e avaliador externo remoto para algunhas axencias de investigación.

En primeiro lugar, quixera expresar o meu máis sincero agradecemento a todas as persoas que confiaron na miña candidatura para este posto. Comprométome a tomar o relevo dos membros saíntes do Comité de Dirección con dedicación e esforzo, aportando a miña experiencia profesional como docente e investigador. O meu obxectivo principal será asegurar o cumprimento riguroso do código de boas prácticas da EDIUS, co fin de protexer aos estudantes de doutoramento durante esta crucial etapa da súa formación académica.

Coñece aos membros do Comité de Dirección da EDIUS

Cal é o obxectivo nos vindeiros dous anos?

Persoal docente e investigador vinculado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS

MARCOS PAZOS COUSELO

Sección de Ciencias e Enxeñarias

Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese “Variabilidade glucémica e envellecemento: estudo da monitorización continua de glucemia intersticial en Diabete Mellitus tipo 2” (2014). Forma parte do Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina

Traballar para seguir mellorando as ensinanzas e os procesos de doutoramento na USC. Aspectos como a dixitalización, financiamento, divulgación e os retos sociais (igualdade, diversidade e inclusión) preséntanse como oportunidades de mellora para os vindeiros anos. Ademais, é importante fomentar o acceso aos programas de doutoramento do alumnado que pertence a áreas nas cales a carreira investigadora non é a elección máis habitual e que, sen embargo, reúne as características óptimas para poder realizala.



JESÚS PINO MÍNGUEZ

Sección de Ciencias e Enxeñarias

Doutor en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese “Estudio nanométrico de biocompatibilidade e adhesividade celular a biomateriais utilizados en cirurxía ortopédica” (2008), con cualificación Sobresaliente *cum laude*.

Un dos meus obxectivos é estimular aos novos graduados e licenciados da USC para a realización da súa tese de doutoramento, tentando mentalizalos da importancia e a satisfacción persoal que supón a realización da mesma, así como prestarlles todo o apoio, para a consecución deste obxectivo e darlles a coñecer todo o apoio que van atopar dentro da USC. Na parcela de Ciencias da Saúde, informar de todas as posibilidades que se lles ofrece nas distintas Facultades, Institutos de Investigación, laboratorios de investigación de Medicina, Farmacia, Psicoloxía e Veterinaria en Lugo. No ramo da Medicina, debemos informar das múltiples posibilidades do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela IDIS, cos seus distintos laboratorios que abarcan todas as Especialidades Médicas. Polo tanto, o meu obxectivo, ademais de velar por conseguir incrementar a calidade das teses da nosa universidade, será fomentar e facilitar a realización de traballos de doutoramento proporcionando aos novos doutorandos e doutorandas toda a axuda nesta nova etapa que van iniciar na súa vida académica que, na miña opinión, será a mais ilusionante e creativa.

Coñece aos membros do Comité de Dirección da EDIUS

Cal é o obxectivo nos vindeiros dous anos?

Persoal docente e investigador vinculado a programas de doutoramento adscritos á EDIUS

MARÍA DA ALBA NOGUEIRA LÓPEZ

Sección de Ciencias Sociais e Xurídicas

Doutora pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese “Réxime xurídico das auditorías ambientais” (1997). Realizou tamén unha *Licence en Droit Européen et International* na Université Catholique de Louvain e ademais é Catedrática de Dereito Administrativo do Departamento de Dereito Público e Teoría do Estado.

1. *Contar cunha estrutura de xestión dimensionada e cualificada en sintonía coa importancia que ten a formación de doutores/as para atender con axilidade todo o proceso de doutoramento.*
2. *Emprender un debate profundo sobre a calidade, orixinalidade e aportación persoal nas teses de doutoramento e os retos que formulan as ferramentas de intelixencia artificial ou a lectura de teses por artigos.*
3. *Definir cooperativamente unha oferta formativa renovada enfocada á etapa de doutoramento tanto para as persoas doutorandas, como para as que as dirixen.*



MARÍA DEL CARMEN SÁNCHEZ CARREIRA

Sección de Ciencias e Enxeñarías

Doutora en Economía (2006) pola USC coa tese de doutoramento “O papel do sector público empresarial na innovación. Estudo da experiencia española no contexto da privatización do período 1980-2003”, cualificada con sobresaliente *cum laude*. A súa principal área de especialización céntrase nas políticas de innovación e, en particular, na contratación pública innovadora, prestando especial atención ao campo sanitario e ambiental.

Iniciase unha etapa na que o obxectivo principal é contribuír a ofrecer unha formación completa e de alto nivel, tanto transversal como específica, que prepare para un contexto complexo, cambiante e incerto. Para acadar ese obxectivo, cómpre contar con todos os actores involucrados no doutoramento. Así, constrúese o mellor futuro para a USC dende a base e mesmo terá impacto a nivel social. Quedan retos por afrontar, como o contexto actual de cambio normativo no eido universitario. Mais non se parte de cero, senón do traballo realizado dende a EDIUS, avanzando na simplificación e axilización dos procedementos e dos prazos, na transparencia e na mellora substancial da comunicación.

Coñece aos membros do Comité de Dirección da EDIUS

Cal é o obxectivo nos vindeiros dous anos?

Persoal de Administración e Servizos

CAROLINA LÓPEZ GÓMEZ

Creo que é moi importante crear unha canle de comunicación entre o estudantado de doutoramento, o profesorado e o persoal de administración. A iniciativa debería partir dos membros do Comité de Dirección para que permita trasladar os distintos puntos de vista de cada colectivo ao desenvolvemento dos estudos de doutoramento, de maneira que estes se enriquezan e se adapten mellor ás distintas realidades.



XAQUÍN BERMELLO COROMINAS
Sección Artes e Humanidades

DAVID FERRÓN LEA
Sección Artes e Humanidades

MIGUEL GUI SANTES ALONSO
Sección Artes e Humanidades

NOELIA PÉREZ MARTÍNEZ
Sección Artes e Humanidades

ÓSCAR VICENT GINER RAJALA
Sección Ciencias e Enxeñarías

JULIO NÓVOA FERNÁNDEZ
Sección Ciencias e Enxeñarías

MARÍA DO CARME PACÍN SALVADOR
Sección Ciencias e Enxeñarías

ANTONIO ANDÚJAR ARIAS
Sección Ciencias da Saúde

ALBA PAZ CASTRO
Sección Ciencias da Saúde

ELENA MARTINEZ CABRERA
Ciencias Sociais e Xurídicas

Estudantado matriculado nos programas de doutoramento

Resposta conxunta dos membros elixidos pertencentes á Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC)

O obxectivo da AIC é atallar as inxustizas coas que lidan as investigadoras da USC. Reivindicamos unha carreira investigadora digna e o recoñecemento do noso traballo por parte dos departamentos e grupos de investigación. O 70% das doutorandas non podemos acceder a contratos predoutorais e realizamos tarefas de investigación e xestión gratis. Tamén, queremos alcanzar a igualdade entre as áreas de coñecemento, sen discriminar por relevancia ou impacto e imos lanzar enquisas para coñecer cales son as condicións de traballo e vida das investigadoras da USC.

Coñece aos membros do Comité de Dirección da EDIUS

Cal é o obxectivo nos vindeiros dous anos?

Estudantado matriculado nos programas de doutoramento

Sen agrupación electoral

ARTURO CALVO TIAPA | Sección Ciencias e Enxeñarías

Como doutorando a distancia, debo dicir que non contar co campus, co titor/a nin cos compañeiros e compañeiras fisicamente, fai máis difíciles as cousas e, a pesar de ter clara a independencia e autosuficiencia que debe ter en gran parte o investigador e a loita permanente pola súa idea, non conformar un grupo ou non sentirse cerca da comunidade fai perder motivación e fuelle nalgunha ocasión. Unha proposta que lle fago ao Comité que inicia é designar un responsable que contacte a cada un dos doutorandos e doutorandas para escoitar as súas inquedanzas e elevalas para ser atendidas no menor tempo posible. Se analizamos ben, podemos sacar vantaxe ao aumentar a matriculación para teses a distancia, se promovemos as mesmas ao longo de España, Latinoamérica e o resto do mundo, xeraríamos non só un aumento instantáneo no aporte ao coñecemento e no noso banco de traballos de investigación, senón tamén nos recursos propios que obtería a universidade aportados por estes tesistas, previa corrección de la relación tesista-USC.

PAULA GREGORES PEREIRA
Sección Artes e Humanidades

RAÚL ALVITE PAZO
Sección Ciencias e Enxeñarías

SAMUEL ALVITE PAZO
Sección Ciencias e Enxeñarías

ISAAC CARCACÍA CAMPOS
Sección Ciencias e Enxeñarías

ÁNGEL CIDRE DÍAZ
Sección Ciencias e Enxeñarías

ANDRÉS PÉREZ RODRÍGUEZ
Sección Ciencias e Enxeñarías

BRAIS RAMOS PÉREZ
Sección Ciencias e Enxeñarías

SARA CALVETE LORENZO
Sección de CC. SS. e Xurídicas

FRANCISCO LPEZ. BERMÚDEZ
Sección de CC. SS. e Xurídicas

Coñece aos membros do Comité de Dirección da EDIUS

Cal é o obxectivo nos vindeiros dous anos?

Estudantado matriculado nos programas de doutoramento

CRISTINA CANDAL PEDREIRA | Sección Ciencias da Saúde

O meu obxectivo principal durante estes dous anos é mellorar a difusión do coñecemento científico xerado polas teses de doutoramento realizadas na USC cara á poboación xeral. É imprescindible que os avances científicos obtidos na investigación predoutoral traspasen o mundo académico e, deste xeito, beneficien á sociedade. Para logralo, é necesaria a colaboración entre academia e medios de comunicación para promover a divulgación científica de maneira accesible para o público en xeral.

JULIA REY BRANDARIZ | Sección Ciencias da Saúde

Durante os próximos dous anos, os meus obxectivos principais serán incentivar a colaboración entre estudantes de doutoramento de distintos programas, para así fomentar o intercambio de coñecementos de diversas ramas e para fortalecer as súas redes de contactos. Ademais, outro dos obxectivos sería ofrecer aos doutorandos e doutorandas máis recursos e apoio para elevar a calidade das súas teses, brindándolles ferramentas e oportunidades de desenvolvemento académico.

YAGO GONZÁLEZ QUINZÁN | Sección Ciencias Sociais e Xurídicas

O obxectivo para os dous próximos anos é representar os intereses do estudantado na EDIUS e, para iso, participar na medida do posible en todas as decisións que competen ao Comité de Dirección da Escola. Co fin de seguir mellorando as políticas para o desenvolvemento dos estudos de doutoramento, é especialmente importante seguir traballando nos procedementos para a presentación, avaliación e defensa das teses dos investigadores e das investigadoras da USC.

ÁLVARO LORENZO REY | Sección Ciencias Sociais e Xurídicas

Formacións en materia de citación, confección de bibliografías, busca de recursos documentais, redacción inclusiva, aplicación da perspectiva de xénero ou integridade académica deberían ser obrigatorias, transversais a todos os programas de doutoramento e ofertadas ao inicio desta etapa. Na actualidade, isto non acontece, e o alumnado queda temporalmente desprovisto destas aptitudes, o que resulta nunha eiva importante na calidade das investigacións e das teses de doutoramento.



Margarita Estévez-Saá

Coordinadora do PD.
Interuniversitario
en Estudos Ingleses
Avanzados: Lingüística,
Literatura e Cultura

«Nunca antes a oferta formativa e as facilidades para facer currículum estiveron tan ao alcance de todos e todas»

OPINIÓN

Bos tempos para a tese

Corren bos tempos para facer unha tese e converterse en doutor ou doutora. A sociedade demanda profesionais especializados para os postos de traballo máis disputados no ámbito privado. E quen teña en mente facer carreira académica, debe saber que son moitas as universidades públicas españolas que están a convocar prazas de profesorado co fin de remozar uns cadros de persoal envellecidos.

Na actualidade, os anos da tese xa non se dilatan eternamente no tempo, como acontecía no pasado, o que semella sensato e práctico á hora de acceder ao mercado laboral nas mellores condicións e coa titulación académica máis prezada. E os doutorandos e doutorandas saben que se non conseguen unha bolsa e necesitan traballar, incluso se teñen responsabilidades familiares, sempre poden desenvolver a súa investigación a tempo parcial.

Por outra banda, nunca antes a oferta formativa e as facilidades para facer currículum estiveron tan ao alcance de todos e todas, non só polas facilidades para participar en eventos académicos presenciais e tamén virtuais, senón tamén porque as escolas de doutoramento, como é o caso da EDIUS na USC, se ocupan de ofrecer todo tipo de cursos sobre recursos, técnicas e metodoloxías á hora de investigar, así como outros centrados en temas como o impacto, a transferencia e a visibilidade das publicacións, atendendo ás demandas das grandes áreas de ciencias e de humanidades. Este labor é complementado co que levan a cabo os grupos de investigación asociados aos programas de doutoramento que incorporan aos doutorandos e doutorandas fornecendo a súa especialización.

Do anteriormente exposto deuse boa conta o pasado 24 de maio, co motivo dunha nova edición do “Día dos Graduados” do Programa de Doutoramento Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura, coordinado dende a USC, e no que participan as tres universidades públicas galegas.

[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS **NOVAS**

‘*Sprint de innovación*’: estreitando os vínculos co mundo das empresas

O 16 de maio arrancou o ‘*Sprint de innovación*’, enmarcado na programación deste curso da EDIUS Conecta.

Trátase dunha iniciativa que pretende involucrar a coordinadores/as e estudiantado de doutoramento na resolución dun reto empresarial real, contribuindo a impulsar a innovación, fomentar a transferencia de coñecemento e reforzar os vínculos da USC coa comunidade local. As empresas que colaboran neste primeiro *Sprint* son o **Grupo Malasa**, do sector do *retail*, hoteleiro, restauración e vivendas privadas; e **Tecalis**, de innovación tecnolóxica. Os días 23 e 30 de maio realizáron-


se a segunda e terceira sesión da formación, que rematará o 6 deste mes de xuño coa presentación das solucións ás empresas en formato *pitch*. Nesta última xornada, as empresas participantes escoitarán as solucións desenvolvidas polos grupos de traballo e aportarán o seu punto de vista nun espazo aberto de debate.

O director da EDIUS, Pablo Taboada, estivo presente no acto de inauguración celebrado no Edificio CEA do Parque de Vista Alegre de Santiago. Taboada destacou que se trata dunha actividade onde desenvolver “o concepto de interdisciplinidade con casos reais”. Engadiu que, ás veces, os/as investigadores/as “vivimos no noso microcosmos e é necesario que se estreiten os vínculos co mundo das empresas”, para coñecer as súas necesidades reais.

Noelia Rodríguez e Beatriz García Cibreiro forman parte do equipo que coordina esta actividade. Noelia Rodríguez, quen conta cunha ampla traxectoria internacional de máis de 19 anos, centra a súa actividade profesional na formación e asesoramento a entidades empresariais e educativas nas áreas de innovación estratéxica, deseño de negocio (*Business Design*) e emprendemento. Pola súa banda, Beatriz García, xornalista, formadora e emprendedora, desenvolve o seu labor profesional como consultora especializada na comunicación corporativa.



[↩ Ir ao sumario](#)



Formación

Actividades

Xuño 2023

A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento Curso avanzado: Doutorarse con perspectiva de xénero

1, 8, 15 e 19 de xuño de 2023

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matricula: do 16 ao 25 de maio de 2023

Horario: de 11:00h a 13:30h

Personal Branding. Ciclo Competencias para a Empregabilidade

26 e 27 de xuño de 2023

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matricula: do 12 ao 19 de xuño de 2023

Horario: de 10:00h a 13:00h

Traballo en Equipo. Ciclo Competencias para a Empregabilidade

3 e 4 de xullo de 2023

Aula de formación da EDIUS, Edificio CEA, Parque de Vista Alegre

Matricula: do 19 ao 26 de xuño de 2023

Horario: de 10:00h a 13:00h

EDIUS NOVAS

Investigación e empregabilidade reafirman a posición da USC no *Center for World University Rankings*

O *Center for World University Rankings* (CWUR) mantén á USC entre as 500 mellores universidades do mundo ao situala na **posición 487**, logo da análise de 20.531 institucións avaliadas e clasificadas segundo o seu desempeño académico. O rendemento investigador e a empregabilidade son os dous aspectos mellor valorados da USC, na posición **décimo segunda de entre as institucións españolas** recollidas nesta clasificación. Ademais, a institución compostelá ocupa o chanzo 195 no apartado relativo a universidades europeas.

A metodoloxía empregada por CWUR parte dunha serie de indicadores estruturados en catro ámbitos. Por unha banda, a calidade da educación mídese a través do número de estudantes que obtiveron distincións académicas en relación ao tamaño da institución. Este ítem conforma o 25% da puntuación final no *ranking*. O estudiantado que obtivo postos executivos de relevancia nas máis importantes compañías do mundo é o indicador que CWUR toma en consideración á hora de abordar o nivel da empregabilidade e que ten un peso do 25% no cómputo global da clasificación.

O persoal docente e investigador que teña obtido distincións académicas serve para medir a calidade dos centros cun peso do 10% no conxunto da puntuación final. Finalmente, no indicador relativo á investigación científica, CWUR analiza o número total de artigos publicados (10%), o número de artigos publicados en revistas de primeiro nivel (10%), o número de artigos publicados en revistas de gran influencia (10%), así

como o número de artigos máis citados (10%). Os datos obtéñense a través da información subministrada polas propias universidades, así como a través de sondaxes.

Máis información [nesta ligazón](#).



↩ [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

Récord absoluto de participantes no X EMI

Os días 12 e 13 de xuño celébrase na Facultade de Ciencias Económica e Empresariais da USC a décima edición do Encontro da Mocidade Investigadora (EMI). O encontro, organizado por investigadores e investigadoras procedentes da Universidade de Santiago de Compostela, da Universidade da Coruña e da Universidade de Vigo, está aberto a todo o estudiantado de doutoramento destas universidades.

A organización desta edición destaca que o EMI supón “unha gran oportunidade para coñecer a investigación que se está a facer nas tres universidades galegas a nivel predoutoral, pero tamén para relacionarse con xente que está a vivir a mesma experiencia e que, posiblemente, comparta as mesmas inquedanzas e preocupacións”. Engaden que é posible “que nun EMI poidas coñecer a futuros colaboradores”.

A variedade de temáticas presentes nas sesións plenarias “tentan expoñer unha realidade que afecta á comunidade predoutoral e que serve para ter a maior cantidade de información para poder decidir mellor as opcións nun futuro próximo”, comentan os/as organizadores/as que, ademais, aseguran que para eles/as esta experiencia tamén supón “unha primeira toma de contacto coa xestión de eventos científicos que ao longo da nosa carreira académica imos ter que organizar”. En definitiva, destacan que o Encontro da Mocidade Investigadora é un “xeito de crear sinerxías”.

Na edición deste ano, a organización detectou que “hai unha gran cantidade de xente moi interesada en compartir a súa investigación”, producíndose todo un récord de inscritos. En 2022 participaron 109 persoas mentres que este ano o número ascende até os 232, o que supuxo un aumento do 211%. Ademais, o 59.2% das persoas participantes son mulleres.

Así mesmo, “hai moita variedade nos temas a presentar”, xa que participa xente de moitos programas de doutoramento distintos, o que fará que esta edición sexa “moi enriquecedora”. O equipo organizador destaca o gran apoio recibido desde o comité de dirección da EDIUS, así como desde as universidades da Coruña e Vigo.


Arraigo do EMI

Despois de dez edicións, o EMI é unha iniciativa totalmente arraigada “o que contribúe a dar visibilidade ás investigación”, argumenta a organización, que tamén destaca que o traballo que se promove entre varios campos disciplinares “é moi enriquecedor”.

 [Ir ao sumario](#)


ARTES E HUMANIDADES

TOTAL:22




CIENCIAS

TOTAL:73




ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA

TOTAL:14




CIENCIAS DA SAÚDE

TOTAL:63



CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

TOTAL:58



232
INSCRICIÓNS

53 ASIS-
TENTES

40 PÓSTER

139
PRESENTACIÓNS

● ● **ORAIS**

[↩ Ir ao sumario](#)

3MT®



Once finalistas na Gran Final da segunda edición do concurso *Teses en Tres Minutos* da USC

Un total de 19 persoas se presentaron á segunda edición do concurso Teses en Tres Minutos organizada pola Universidade de Santiago de Compostela (11 de Ciencias da Saúde, 5 de Ciencias Sociais e Xurídicas, 2 de Ciencias e Enxeñarías e 1 de Artes e Humanidades). Despois de valorar todas as propostas, o xurado escolleu 11 finalistas, que concorrirán nunha Gran Final que se celebrará o mércores 14 de xuño, a partir das 20 horas, na Nave de Vidán, en Santiago de Compostela.

[↩ Ir ao sumario](#)

Estes son os doutorandos e doutorandas finalistas desta nova edición don concurso:

NOME	PD	Título tese
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS		
Laura García Docampo	Educación	A educación emocional en procesos de enfermidade infantil. Unha proposta formativa en oncoloxía pediátrica
Marcos Álvarez Espiño	Economía e Empresa	La capacitación y vulnerabilidad financieras de los hogares y las Micro y Pequeñas Empresas españolas
Yago González Quinzán	Dereito	Branqueo de diñeiro e criptomonedas
Rocío del Pilar Sosa Fernández	Comunicación e Información Contemporánea	Potencial educativo de las tecnologías inmersivas en la educación universitaria
ARTES E HUMANIDADES		
Xosé Ramón Cisneros Pérez	Historia, Xeografía e Historia da Arte	O museo 3.0 en España: redes sociais e medios dixitais na difusión do patrimonio museístico
CIENCIAS DA SAÚDE		
Silvia Aranda García	Investigación Clínica en Medicina	Teleasistencia y teleformación audiovisual en las emergencias mediante gafas inteligentes
Carla Guerra Tort	Epidemioloxía e Saúde Pública	Contribucións metodolóxicas para a análise temporal das prevalencias de consumo de tabaco e da súa relación coa mortalidade por cancro de pulmón: aplicación a datos de España
Uxía Yañez Ramil	Medicina e Sanidade Veterinaria	Ecografía en modo Doppler: unha ferramenta para a mellora da eficiencia reprodutiva no gando vacún
Gema Manuela Puertas Hernando	Innovación en Seguridad y Tecnologías Alimentarias	Evaluación de ovoproductos mediante espectroscopía, centrifugación y filtración de flujo tangencial aplicando inteligencia artificial
CIENCIAS E ENXEÑARÍAS		
Vahid Rahimi	Chemical and Environmental Engineering	Recovery of metals from e wastes by means of tailor made adsorbent materials
Ángela Arnosa Prieto	Ciencia de Materiais	Diseño e caracterización de materiais nanoestructurados e nanocomposites para aplicacións biomédicas, catalíticas e electro-ópticas

O xurado estará composto polos subdirectores e subdirectoradas da EDIUS e por dous profesores da USC:

- Artes e Humanidades: Dolores Vilavedra Fernández
- Ciencias e Enxeñarías: Eugenio Vázquez Sentís
- Ciencias da Saúde: José Manuel Cifuentes Martínez
- Ciencias Sociais e Xurídicas: José Miguel Túdez López
- Profesora na Facultade de Ciencias da Comunicación: Marta Rodríguez Castro
- Profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación: Roi Méndez Fernández

As persoas finalistas deberán facer a exposición do contido do seu traballo diante dun xurado e do público asistente, respectando o tempo (3 minutos) e o guiión do traballo presentado en formato vídeo. Nesta gala serán entregados catro premios, un por cada área (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñarías; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais). A EDIUS premiará aos doutorandos e doutorandas gañadores cun cheque por valor de 250€. Durante a Gran Final tamén se outorgará un premio do público. Este premio entregarase ao participante máis votado polo público, excluídos os catro gañadores.

Esta competición reta ao estudantado de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. Unha boa construción do discurso e a súa presentación oral son a parte esencial da competición, onde a posta en escena ten que estar reducida ao mínimo.

EDIUS NOVAS

A USC participa por segundo ano no concurso de Twitter #FíoTese



Un ano máis, a Rede de Divulgación e Cultura Científica (RedDivulga) da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (**Crue**), xunto coa **Fundación Ignacio Larramendi**, propoñen a convocatoria do Concurso ‘#HiloTesis: tu tesis doctoral en un hilo de Twitter’.

Trátase da terceira edición dun concurso que trata de promover a actividade divulgadora entre o estudiantado de doutoramento e achegar os seus resultados de investigación á sociedade. Na pasada edición de #HiloTesis participaron máis de 300 persoas, procedentes de 47 universidades, xerando máis de 50 millóns de impresións, e rexistráronse 17.500 tuits co *hashtag* #HiloTesis.

A iniciativa quere promover o desenvolvemento de habilidades de comunicación e divulgación científica de futuros ou recentes doutores e doutoras. O obxectivo do concurso é que o persoal investigador en formación máis novo divulgue a súa tese de doutoramento nun fío de non máis de 20 tuits, coas limitacións e posibilidades que ofrece a rede social Twitter.

O persoal investigador en formación, tanto se finalizaron a súa tese nos últimos 6 meses como se a están a desenvolver, deben contar o que fan, como o fan e por que o fan á sociedade, cunha linguaxe sinxela, accesible e atractiva.

Na USC, foron un total de dez persoas as que presentaron as súas propostas. O xurado da universidade compo-

telá, composto polos subdirectores e subdirectorías da EDIUS e por dous profesores, tivo que elixir un dos fíos de Twitter para enviar á fase galega. A decisión final foi adoptada case por unanimidade. O chío gañador resultou o de Silvia Aranda García (@silviaaranda46), do Programa de Investigación Clínica e Medicina, que actualmente está realizando a súa tese titulada “Telasistencia e teleformación audiovisual en emerxencias a través de lentes intelixentes”.

Este ano presentáronse un total de 387 doutorandos e doutorandas de 47 universidades de toda España. A nivel autonómico, da Universidade de Vigo tamén presentaron proposta 10 investigadores/as. Na Universidade da Coruña o número ascendeu a tres.

O fío finalista da USC foi enviado á organización para a súa avaliación polo xurado nacional proposto por Red-Divulga. Este xurado está integrado polo menos por cinco membros –un deles experto en comunicación– e un representante da Fundación Ignacio Larramendi. O fallo producirase nos primeiros días deste mes de xuño de 2023 e os autores dos fíos gañadores serán de tres universidades distintas.

[↩ Ir ao sumario](#)



PREMIOS

O concurso contará con 3 premios a nivel nacional. Cada premio estará dotado con 1.000 euros financiados pola Fundación Ignacio Larramendi.

A continuación, podedes ver todos os fíos da Universidade de Santiago, comezando polo seleccionado polo xurado.

S

Silvia Aranda-García
@silviaaranda46



Silvia Aranda-García
@silviaaranda46

🐟 Imagina que eres un pescador, vas navegando y tu amigo tiene un #infarto🔴¿Sabrías ayudarle? ¿Y si te digo una mejor manera para salvarle la vida?

👉👉 Con videoasistencia con smart glasses.

@RedDivulga @filarramendi @UniversidadeUSC

Abro #HiloTesis 🚀

Translate Tweet



N

Hernán Cortez López
@nothernancortez

C

Javier Ricardo Gómez Veiras
@chavigv

C

Christian Manuel Moreno Rocha
@Christiam2111

B

Belén Quinteiro Pulleiro
@qp_belen

J

Jamila Farajova
@jamilafarajova

N

Nerea Mouriño Castro
@NereaMourino

C

Xosé Ramón Cisneros Pérez
@xramon_cisneros

C

Frank Alberto Betances Reinoso
@lenguaxe



EDIUS NOVAS

A USC, entre as universidades españolas con maior rendemento en I+D, taxa de éxito académico e transferencia

A USC mantense entre as universidades españolas con mellor taxa de rendemento nos eidos da investigación e transferencia de coñecemento, no que atinxe á concesións de patentes, ingresos por licenzas, publicacións internacionais con elevado nivel de citacións e creación de *spin-offs*, así como en captación e liquidación de fondos, segundo se desprende da décima edición do *ranking* sobre as universidades españolas que vén de publicar a **Fundación CYD** (Coñecemento e Desenvolvemento) e no que se recollen datos do conxunto de España, por comunidades e universidades. De feito, na elaboración deste estudo están incluídos datos de 80 universidades públicas e privadas ao tempo que se analizan resultados de 29 ámbitos de coñecemento e 3.266 titulacións.

O eido da investigación é outro dos campos nos que a USC ocupa un lugar preferente no último informe que vén de publicar a Fundación CyD. De feito, figura entre o grupo das universidades españolas que presenta mellores rendementos no que se refire a captación e liquidación de fondos externos para o desenvolvemento de actividades de I+D+i non ligados á transferencia de correntes do Goberno e a media de publicacións por profesor/a son outras das variables analizadas nas que destaca a USC.

Máis información [nesta ligazón](#).

↗ [Máis información](#)



↶ [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

O Consello Social apoiará once proxectos que favorezan a colaboración entre as contornas universitaria e social

A convocatoria de axudas en concorrencia competitiva a actividades susceptibles de ser financiadas polo Consello Social **resolveuse** outorgando apoio económico a un total de once proxectos.

Deste xeito, o órgano de participación da sociedade galega na Universidade reparte 50.000 euros entre diversas iniciativas que favorezan a colaboración entre a contorna universitaria e a social a través de accións que contribúan á mellora da calidade do servizo público da educación superior universitaria e ao desenvolvemento social, económico, tecnolóxico, científico e cultural de Galicia.

PROXECTOS FINANCIADOS

O papel da xenética forense na identificación de persoas desaparecidas é o obxecto do traballo coordinado por María Victoria Lareu, Ana Mosquera e María del Carmen Puente Vila. Pola súa parte, o equipo da profesora Laura Sánchez Piñón afondará, grazas a esta axuda do Consello Social, na mutación ultra-rara no xene nek8. Dentro do eido de Ciencias da Saúde, sitúase tamén o proxecto de ciencia cidadá liderado por Alberto Ruano e Lucía Martín de Bernardo Gisbert baixo o lema “*Teño niveis altos de radón na casa, agora que?*”.

“*Presentacións visuais de atención primaria en poboación pediátrica en risco de exclusión social e na contorna educativa*” é o título do proxecto coordinado por Eva Yebra-Pimentel Vilar. Os desprazamentos didácticos sobre astronomía a distintos centros e localidades galegas impulsados polo Observatorio Astronómico Ramón María Aller da USC tamén aparecen beneficiados nesta

resolución do Consello. A iniciativa está coordinada polo seu director José Ángel Docobo e por Pedro Pablo Campo Díaz.

